

ANEXO II

SERVIZO DE PRESTAMO BICIBARCO	BAIXA no servizo de préstamo de bicicletas	Código de usuario:
DATOS DO/A SOLICITANTE	Nome e apelidos: Data de nacemento: DNI: Enderezo: Teléfono móbil para o sistema: Correo electrónico:	
No caso de menores: representado/a polo pai, nai ou titor/ra legal do menor	Nome e apelidos: Data de nacemento: DNI: Enderezo: Teléfono móbil para o sistema: Correo electrónico:	
<p>SOLICITO causar baixa como persoa usuaria no SERVIZO MUNICIPAL DE PRÉSTAMO DE BICICLETAS, "BICIBARCO" ofertado polo Concello do Barco de Valdeorras.</p> <p>No caso de MENORES, o pai/nai ou titor/ra do mesmo, coa firma neste documento autorizo ao/á menor para darse de baixa como usuario/a do servizo.</p> <p>O abaixo firmante declara que todos os datos da inscrición son certos. E para que así conste, firma o presente documento estando de acordo coas normas de uso.</p>		
Firma do solicitante ou representante legal do/a menor O Barco de Valdeorras, a..... de20		O Concello do Barco de Valdeorras, en cumprimento da Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informalle que os datos persoais recollidos serán incluídos nun ficheiro automatizado e tratados de xeito confidencial. En ningún caso serán cedidos a terceiros ajenos á xestión do Sistema de Préstamo de Bicicletas BICIBARCO, podendo vostede exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do ficheiro.

Oficina de Medio Ambiente, terceiro andar do Edificio de Usos Múltiples, Praza do Concello nº 2
Teléfono: 988 320 202. C.e.: sostible@concellodobarco.org. Teléfono de incidencias: 616 402 882

Exemplar para o Concello do Barco de Valdeorras

NORMAS DE USO DE BICIBARCO

- 1.- **BICIBARCO** non soamente ten carácter lúdico senón tamén ecolóxico, xa que se trata de fomentar a realización de desprazamentos urbanos en bicicleta de xeito que se reduza o uso do vehículos de motor .
- 2.- O primeiro ano será un servizo gratuito para as persoas usuarias. Para os vindeiros anos o concello, despois de efectuar estudos sobre a implantación do servizo, poderá establecer unha taxa a traveso da publicación da correspondente ordenanza fiscal.
- 3.-A persoa usuaria estará habilitada durante un ano desde a fecha de posta en funcionamento do servizo de préstamo. Despois deste período, se non comunica ao concello nun prazo de quince días hábiles a súa baixa no servizo, quedará habilitada como persoa usuaria durante un ano máis, previo pago ou domiciliación do importe correspondente da taxa por utilización do servizo, de estar esta en vigor.
- 4.- **BICIBARCO** ofertarase nos puntos debidamente sinalizados.
- 5.- Retirada dunha bicicleta: enviar un SMS desde o teléfono móbil indicado na solicitude de alta da persoa usuaria, ao número de teléfono do servizo 600 124 125, co seguinte formato de mensaxe: coger b(nº de bici) c(nº de candeeado)(código secreto).Exemplo: "coger b88 c221 ab2012".Deben de deixarse os espazos en branco segundo se indica no exemplo.Para a devolución da bicicleta, debese enganchar en calqueira candeeado dispoñible, asegurándose de que queda ben suxeita. Non será preciso enviar ningunha mensaxe para deixar a bicicleta na base.
- 6.- Ofertarase durante todo o ano, quedando a criterio do Concello do Barco a ampliación ou redución do servizo por causas climatolóxicas ou de índole técnica. En principio o **horario** será o seguinte: todos os días da semana, incluídos os festivos:Tempada de outono – inverno (outubro a marzo): de 8:00 a 20:00 horas.Tempada de primavera – verán (abril a setembro): de 8:00 a 23.00 horas.Non se prestará o servizo nos días 25 de decembro e 1 de xaneiro.
 - O tempo máximo de utilización das bicicletas será de tres horas.
 - Media hora antes da finalización diaria do servizo non se poderán retirar bicicletas dos puntos de préstamo, pero si devolver as bicicletas que estean en uso.
 - O uso da bicicleta limitarase soamente ao Termo Municipal do Barco de Valdeorras
 - O uso da bicicleta dependerá da dispoñibilidade das mesmas nos puntos de préstamo.
- 7.- Os pais, nais ou titor/as legais dos menores de idade (14 ou máis anos cumpridos), serán responsables do uso que estes fagan das bicicletas.
- 8.- O Concello do Barco de Valdeorras está eximido dos danos que o usuario poida sufrir ou producir mentres fai uso da bicicleta e non se responsabiliza dos danos ou perxuízos producidos polo mal uso da mesma, nin dos causados a terceiros pola persoa usuaria do sistema de préstamo.
- 9.- O código secreto terá carácter individual, polo que soamente se entregará un código por persoa. O uso deste código é intransferible sendo responsabilidade do titular do mesmo todo o uso indebido que faga del.
- 10.- A persoa usuaria deberá utilizar o servizo coa maior dilixencia posible e conforme coas normas de utilización previstas polo sistema de préstamo de bicicletas. En xeral, deberá facer un uso correcto ad bicicletas, devolvéndoas no mesmo estado que a atopou, en bo estado de funcionamento e de limpeza.
- 11.- A persoa usuaria comprométese durante o tempo que dure o préstamo a aparcar a bicicleta en zonas adecuadas, que non interfiran no paso nin potencien situacións de inseguridade.
- 12.- A persoa usuaria asume a custodia da bicicleta que retira, ademais de actuar dilixentemente para evitar o roubo da mesma durante o seu uso e asegurarse de enganchar adecuadamente a bicicleta ao candeeado das bases.
- 13.- A persoa usuaria deberá ser responsable en todo momento das obrigas que se determinen por calqueira autoridade ou organismo, sexa estatal, autonómico ou local, para a conducción da bicicleta. Prohíbese calqueira utilización da bicicleta contraria á prevista nas normas de circulación.
- 14.- A persoa usuaria ten a obriga de comunicar de inmediato ao Concello do Barco de Valdeorras as incidencias que se produzan, a bicicleta quedará baixo a responsabilidade da persoa usuaria ata que a deposite nunha das bases do sistema ou a poña a disposición do concello ou da empresa encargada do mantemento do servizo, de selo caso.
- 15.- En caso de perda, roubo ou furto, a persoa usuaria ten a obriga de denunciar nun prazo máximo de oito horas a desaparición da bicicleta á Policía Local ou a Garda Civil.
- 16.- A persoa usuaria ten a obriga de comunicar o cambio dos datos contidos en calquera dos anexos desta ordenanza. Este incumprimento poderá dar lugar á desactivación do servizo e a baixa no mesmo.
- 17.- Establécense as seguintes prohibicións:
 - Utilización da bicicleta fora do horario e lugares establecidos.
 - Préstamo, aluguer, cesión ou calquera outro acto da persoa usuaria de disposición da bicicleta ou do código secreto a favor de terceiros, con ou sen ánimo de lucro.
 - Uso da bicicleta en competicións de calquera clase, así como en lugares tales como escaleiras, rampas, beirarrúas ou similares.
 - A desmontaxe ou manipulación da bicicleta.
 - Uso da bicicleta para fins diferentes aos que constitúe o obxecto do servizo e en particular e en particular o seu uso con fins comerciais ou profesionais.
 - transporte na bicicleta de calquera persoa, animal ou cousa, así como integrar elementos alleos que podan servir para ese fins.
 - Prohíbese calqueira utilización da bicicleta contraria á prevista nas normas de circulación.
- 18.- As causas de desactivación da persoa usuaria, a tipificación das infraccións, ou calqueira outra cuestión referente ao servizo BICIBARCO, poden consultarse na Ordenanza Reguladora das Normas de Uso deste Sistema de préstamo.

ANEXO II

SERVIZO DE PRESTAMO BICIBARCO	BAIXA no servizo de préstamo de bicicletas	Código de usuario:
DATOS DO/A SOLICITANTE	Nome e apelidos: Data de nacemento: DNI: Enderezo: Teléfono móbil para o sistema: Correo electrónico:	
No caso de menores: representado/a polo pai, nai ou titor/ra legal do menor	Nome e apelidos: Data de nacemento: DNI: Enderezo: Teléfono móbil para o sistema: Correo electrónico:	
<p>SOLICITO causar baixa como persoa usuaria no SERVIZO MUNICIPAL DE PRÉSTAMO DE BICICLETAS, "BICIBARCO" ofertado polo Concello do Barco de Valdeorras.</p> <p>No caso de MENORES, o pai/nai ou titor/ra do mesmo, coa firma neste documento autorizo ao/á menor para darse de baixa como usuario/a do servizo.</p> <p>O abaixo firmante declara que todos os datos da inscrición son certos. E para que así conste, firma o presente documento estando de acordo coas normas de uso.</p>		
Firma do solicitante ou representante legal do/a menor O Barco de Valdeorras, a..... de20		O Concello do Barco de Valdeorras, en cumprimento da Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informalle que os datos persoais recollidos serán incluídos nun ficheiro automatizado e tratados de xeito confidencial. En ningún caso serán cedidos a terceiros ajenos á xestión do Sistema de Préstamo de Bicicletas BICIBARCO, podendo vostede exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do ficheiro.

Oficina de Medio Ambiente, terceiro andar do Edificio de Usos Múltiples, Praza do Concello nº 2
Teléfono: 988 320 202. C.e.: sostible@concellodobarco.org. Teléfono de incidencias: 616 402 882

Exemplar para a persoa usuaria

NORMAS DE USO DE BICIBARCO

- 1.- **BICIBARCO** non soamente ten carácter lúdico senón tamén ecolóxico, xa que se trata de fomentar a realización de desprazamentos urbanos en bicicleta de xeito que se reduza o uso do vehículos de motor .
- 2.- O primeiro ano será un servizo gratuito para as persoas usuarias. Para os vindeiros anos o concello, despois de efectuar estudos sobre a implantación do servizo, poderá establecer unha taxa a traveso da publicación da correspondente ordenanza fiscal.
- 3.-A persoa usuaria estará habilitada durante un ano desde a fecha de posta en funcionamento do servizo de préstamo. Despois deste período, se non comunica ao concello nun prazo de quince días hábiles a súa baixa no servizo, quedará habilitada como persoa usuaria durante un ano máis, previo pago ou domiciliación do importe correspondente da taxa por utilización do servizo, de estar esta en vigor.
- 4.- **BICIBARCO** ofertarase nos puntos debidamente sinalizados.
- 5.- Retirada dunha bicicleta: enviar un SMS desde o teléfono móbil indicado na solicitude de alta da persoa usuaria, ao número de teléfono do servizo 600 124 125, co seguinte formato de mensaxe: coger b(nº de bici) c(nº de candeeado)(código secreto).Exemplo: "coger b88 c221 ab2012".Deben de deixarse os espazos en branco segundo se indica no exemplo.Para a devolución da bicicleta, debese enganchar en calquera candeeado dispoñible, asegurándose de que queda ben suxeita. Non será preciso enviar ningunha mensaxe para deixar a bicicleta na base.
- 6.- Ofertarase durante todo o ano, quedando a criterio do Concello do Barco a ampliación ou redución do servizo por causas climatolóxicas ou de indole técnica. En principio o **horario** será o seguinte: todos os días da semana, incluídos os festivos:Tempada de outono – inverno (outubro a marzo): de 8:00 a 20:00 horas.Tempada de primavera – verán (abril a setembro): de 8:00 a 23.00 horas.Non se prestará o servizo nos días 25 de decembro e 1 de xaneiro.
 - O tempo máximo de utilización das bicicletas será de tres horas.
 - Media hora antes da finalización diaria do servizo non se poderán retirar bicicletas dos puntos de préstamo, pero si devolver as bicicletas que estean en uso.
 - O uso da bicicleta limitarase soamente ao Termo Municipal do Barco de Valdeorras
 - O uso da bicicleta dependerá da dispoñibilidade das mesmas nos puntos de préstamo.
- 7.- Os pais, nais ou titores/as legais dos menores de idade (14 ou máis anos cumpridos), serán responsables do uso que estes fagan das bicicletas.
- 8.- O Concello do Barco de Valdeorras está eximido dos danos que o usuario poida sufrir ou producir mentres fai uso da bicicleta e non se responsabiliza dos danos ou perxuzos producidos polo mal uso da mesma, nin dos causados a terceiros pola persoa usuaria do sistema de préstamo.
- 9.- O código secreto terá carácter individual, polo que soamente se entregará un código por persoa. O uso deste código é intransferible sendo responsabilidade do titular do mesmo todo o uso indebido que faga del.
- 10.- A persoa usuaria deberá utilizar o servizo coa maior dilixencia posible e conforme coas normas de utilización previstas polo sistema de préstamo de bicicletas. En xeral, deberá facer un uso correcto ad bicicletas, devolvéndoa no mesmo estado que a atopou, en bo estado de funcionamento e de limpeza.
- 11.- A persoa usuaria comprométese durante o tempo que dure o préstamo a aparcar a bicicleta en zonas adecuadas, que non interfiran no paso nin potencien situacións de inseguridade.
- 12.- A persoa usuaria asume a custodia da bicicleta que retira, ademais de actuar dilixentemente para evitar o roubo da mesma durante o seu uso e asegurarse de enganchar adecuadamente a bicicleta ao candeeado das bases.
- 13.- A persoa usuaria deberá ser responsable en todo momento das obrigas que se determinen por calquera autoridade ou organismo, sexa estatal, autonómico ou local, para a condución da bicicleta. Prohibese calquera utilización da bicicleta contraria á prevista nas normas de circulación.
- 14.- A persoa usuaria ten a obriga de comunicar de inmediato ao Concello do Barco de Valdeorras as incidencias que se produzan, a bicicleta quedará baixo a responsabilidade da persoa usuaria ata que a deposite nunha das bases do sistema ou a poña a disposición do concello ou da empresa encargada do mantemento do servizo, de selo caso.
- 15.- En caso de perda, roubo ou furto, a persoa usuaria ten a obriga de denunciar nun prazo máximo de oito horas a desaparición da bicicleta á Policía Local ou a Garda Civil.
- 16.- A persoa usuaria ten a obriga de comunicar o cambio dos datos contidos en calquera dos anexos desta ordenanza. Este incumprimento poderá dar lugar á desactivación do servizo e a baixa no mesmo.
- 17.- Establécense as seguintes prohibicións:
 - Utilización da bicicleta fora do horario e lugares establecidos.
 - Préstamo, aluguer, cesión ou calquera outro acto da persoa usuaria de disposición da bicicleta ou do código secreto a favor de terceiros, con ou sen ánimo de lucro.
 - Uso da bicicleta en competicións de calquera clase, así como en lugares tales como escaleiras, rampas , beirarrúas ou similares.
 - A desmontaxe ou manipulación da bicicleta.
 - Uso da bicicleta para fins diferentes aos que constitúe o obxecto do servizo e en particular e en particular o seu uso con fins comerciais ou profesionais.
 - transporte na bicicleta de calquera persoa, animal ou cousa, así como integrar elementos alleos que podan servir para ese fins.
 - Prohibese calquera utilización da bicicleta contraria á prevista nas normas de circulación.
- 18.- As causas de desactivación da persoa usuaria, a tipificación das infraccións, ou calquera outra cuestión referente ao servizo BICIBARCO ,poden consultarse na Ordenanza Reguladora das Normas de Uso deste Sistema de préstamo.